Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES
DOCUMENTO:
Data inicio de exposición: 21-07-2026
Data final de exposición: 21-08-2026
O Porriño, a de de

Concello do Porriño

Eduardo Portela Fernández (1 para 1)
Secretario Xeral
Data de Sinatura: 21/07/2026
HASH: 7e0d543da41187c1e1d41f2b16d606e
Concello do Porriño

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA, DUNHA PRAZA VACANTE DE TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO A, SUBGRUPO A1, INCLUÍDA NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO ANO 2022.

ANUNCIO RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO RESULTADO DA CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS.

En sesión de data 02 de xullo de 2026 o tribunal do proceso selectivo procedeu ao estudo e resolución das alegacións presentadas ao resultado da cualificación dos méritos do concurso, durante o prazo de dez días hábiles establecido no anuncio publicado o día 21-05-2026 no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, segundo se recolle de seguido:

1ª) INTERESADO: RAFAEL RIVEIRO ÁLVAREZ.- DNI ***1742 (R.E. Nº.: 2026-E-RE-4621 de data 04/06/2026):**

O interesado na alegación presentada:

EXPON:

ÚNICA.__En el anuncio de referencia, el que suscribe, figura como que "Non acada puntuación mínima no apartado A, ou no apartado B, ou en ambos apartados". Pues bien, teniendo en cuenta el contenido de las bases que rigen el proceso de selección, el que suscribe, teniendo en cuenta el amplio periodo de servicios prestados para la Administración Pública, (Ayuntamiento de Cambados y Ayuntamiento de Ponteareas), así como la titulación académica y formación, acreditados en el expediente administrativo, con creces supera la puntuación mínima que el tribunal de valoración dice no superar.

SOLICITA:

Se lleve a cabo nueva valoración, teniendo en cuenta los méritos profesionales, académicos y la formación del que suscribe.

O Tribunal, tendo en conta que a Base 9ª cualificación dos méritos do concurso, determina que na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados e acreditados do seguinte xeito: A) Méritos profesionais, A.I. Por servizos prestados como Técnico da Administración Xeral en calquera Administración Pública, revisa a documentación aportada coa instancia polo alegante resultando que acredita:

Servizos como Secretario en réxime de substituto: No Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra. No Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 3 de Cambados.	Non é avaliable toda vez non son servizos prestados como Técnico da Administración Xeral.
Servizos no Concello de Cambados: Asesoría xurídica e dirección letrada, coa condición de persoal laboral indefinido, adscrito ao posto da RPT de funcionario de letrado/a asesor/a xurídico, Escala da Administración Especial.	Non é avaliable toda vez non son servizos prestados como Técnico da Administración Xeral.

Cod. Validación: 95979LSJ6KS6D97DD59W4FJR3
Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Servizos no Concello de Ponteareas: Asesor xurídico, posto RPT Asesor xurídico, Escala da Administración Especial.	Non é avaliable toda vez non son servizos prestados como Técnico da Administración Xeral.

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**:

Desestimar a alegación presentada por RAFAEL RIVEIRO ÁLVAREZ manténdose o resultado publicado o día 21-05-2026 e dado que non acada a puntuación mínima necesaria no apartado A de méritos profesionais xa non procede a valoración do apartado B formación profesional.

1ª) INTERESADO: DAVID LAMEIRO GIL.- DNI ***5003 (R.E. Nº.: 2026-E-RE-4683 de data 5/06/2026):**

O Tribunal, tendo en conta que no "Anuncio resultado da cualificación dos méritos do concurso" publicado o día 21-05-2026, concedíase o prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, contados a partir do seguinte ao de dita publicación, para que as persoas interesadas formularan alegacións, e que dito prazo rematou o día 04-06-2026, por unanimidade, **ACORDA**:

Inadmitir a alegación formulada por DAVID LAMEIRO GIL, rexistrada de entrada co nº 2026-E-RE-4683 en data 5/06/2026 por estar presentada fóra de prazo.

BOLSA DE EMPREGO

Non se forma ao non haber candidatos que, participando no proceso selectivo, obtiveran unha puntuación mínima que se considere suficiente (70% da puntuación total), tal como establece a base 14ª das Bases que rexen a convocatoria.

De conformidade co acordado polo Tribunal publícanse os anteriores acordos no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Documento asinado dixitalmente na marxe polo Secretario do tribunal.

Cod. Validación: 95979LSJ6KS6D97DD59W4FJR3
Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2